

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala de xuntas de Posgrao (edificio anexo á Xerencia, 2º andar)

Data: 13 de decembro de 2018

Hora de comezo: 11:45 h

Hora de remate: 14:40 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus do Mar)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Marcos Arias Acuña (secretario académico da Eido), secretario

XUSTIFICAN A NON ASISTENCIA

Yolanda Rodríguez Castro (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

Ana Luna Alonso (responsable de calidade dos PD do ámbito Artes e Humanidades)

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2 Informe do presidente
- 3 Valoración do Sistema de Garantía de Calidade de Doutoramento: manual de calidade (índice 1) e procedementos
- 4 Análise dos resultados da enquisa de profesorado feita en 2018
- 5 Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Tras a corrección do nome de María Asunción Longo González que é a responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura, apróbase por asentimento a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, do día 13.04.2018.

2 Informe do presidente

O director da Eido informa sobre as seguintes cuestións:

- Verificación e modificacións dos PD: o programa de Protección do Patrimonio Cultural tivo unha nova modificación pola incorporación da Universidade da Coruña. O Consello de Goberno do 12 de decembro aprobou que o número de prazas deste programa sexan 5 todos os anos.
- Seguimento: aínda non chegaron os resultados da máis da metade dos seguimentos enviados á ACSUG. Polo momento, recibíronse 5 informes provisionais dos 14 totais do ano 2018 –curso 2016/17- responsabilidade da Universidade de Vigo, cos resultados seguintes:
 - PD Biotecnoloxía Avanzada (interuniversitario): CONFORME
 - PD Equidade e Innovación en Educación (interuniversitario): CONFORME
 - PD Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases: NON CONFORME
 - PD Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais: NON CONFORME
 - PD Educación, Deporte e Saúde: CONFORME
 - PD Ordenación Xurídica do Mercado: CONFORME

Xa se enviaron as alegacións ou plans de mellora oportunos para todos eles.

Tamén recibimos información sobre informes provisionais de PD interuniversitarios responsabilidade doutras universidades, cos resultados seguintes:

- PD Endocrinoloxía (USC): CONFORME
- PD Estatística e Investigación Operativa (USC): NON CONFORME
- PD Láser, Fotónica e Visión (USC): CONFORME
- PD Neurociencia e Psicoloxía Clínica (USC): CONFORME
- PD Nanomedicina (USC): NON CONFORME

Para o ano 2019 –curso 2017/18- a Universidade de Vigo so ten que enviar o informe do programa de

doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial (PD implantado no 2014/15).

- Renovación da acreditación: segundo o calendario de acreditacións, a maior parte dos PD (os que se implantaron no 2013/14, que son 30) terían que renovar a súa acreditación no 2019, mais o Ministerio de Educación ten pendente publicar a moratoria de dous anos para a renovación das acreditacións dos programas. A ACUSG quere facer un programa piloto para poucas titulacións. A intención da EIDO é levar os programas de educación e outro que sexa programa en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións ou o de Ordenación Xurídica do Mercado ou o de Comunicación (sempre que antes chegue o informe do seguimento positivo).

A director da EIDO agradece o traballo aos membros actuais da Comisión de Calidade, xa que no vindeiro Comité de Dirección da EIDO vaise a renovar esta comisión.

3 Valoración do Sistema de Garantía de Calidade de Doutoramento: manual de calidade (índice 1) e procedementos (índice 0)

O director da Eido informa que é necesario ter un Sistema de Garantía de Calidade antes da renovación das acreditacións. A filosofía coa que naceu é que fora compatible co futuro Sistema de Calidade da Universidade de Vigo.

O deseño deste SGC rematouse en decembro, tal como estaba previsto. Tras a validación da Comisión de Calidade da Eido e da aprobación polo Comité de Dirección, o sistema enviárase á ACSUG para avaliar, e tras as modificacións que suxira a axencia, aprobarase finalmente polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo. Nese momento, será necesario tamén modificar o Regulamento de Doutoramento para que coincidan ambos documentos. Para redactar o SGC falouse con todos os vicerreitorías e servizos con competencias en cada procedemento. Enviouse o texto a todos/as os/as coordinadores/as e recibíronse moitas suxestións.

O técnico superior de calidade, comenta o contexto no que se desenvolveu o Sistema de Garantía de Calidade (SGC). Como moitas das competencias non pertencen á EIDO, senón a diferentes vicerreitorías e a outros órganos institucionais, comprobouse que era mellor facer un sistema non do centro senón institucional dos estudos de doutoramento da Universidade de Vigo. Tras a aprobación do Sistema de Calidade, virá a fase de implantación e desenvolvemento dos procedementos, que comezará en 2019, despois da avaliación da ACSUG.

O SGC elaborouse de xeito que sexa o máis sinxelo posible respectando as esixencias legais e de calidade da ACSUG. Proba disto é o panel de indicadores do SGC que coincide cos que se piden no seguimento e acreditación dos PD.

O Manual de Calidade aprobado xa no anterior Comité de Dirección (índice 0) tamén se modificou con cambios menores polos novos nomes das vicerreitorías e para engadirlle as metas nos obxectivos de calidade.

Ademais, o Manual inclúe a Política e os Obxectivos de calidade, aos que se incorporan agora as metas de calidade para os tres próximos anos. Estas metas están definidas tomando como referencia os históricos de resultados dispoñibles nos últimos anos.

O director da Eido resume as principais suxestións que afectan aos procedementos. As relativas á implantación serán anotadas como documento de traballo desta Comisión

Tras un tempo de preguntas, a responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura quere que conste en acta os seus comentarios ao SGC:

"El SGC propuesto constituye un documento valioso como punto de partida, y se agradece el enorme trabajo realizado por los técnicos de calidad y resto de personal implicado en la redacción, sobre todo teniendo en cuenta la gran complejidad del tema.

Opino, no obstante, que este no debe considerarse un documento definitivo, puesto que hay bastantes aspectos que necesitan ser definidos y/o mejorados, bien en esta fase inicial de elaboración y aprobación del SGC bien en la fase de implementación del mismo. Es especialmente importante que las acciones asociadas al SGC no supongan incrementar aún más la carga de trabajo administrativo asignado al PDI (directores/as, tutores/a, CAPD). Algunos apartados en los que la asignación de responsabilidades no está muy definida en el SGC, y que deberían abordarse con gran cautela en este sentido son, entre otros:

- *Difusión y captación, orientación sobre trámites administrativos*
- *Orientación profesional al estudiante*
- *Tareas de preparación de indicadores para revisión del SGC, indicadores de inserción laboral, etc.*
- *Elaboración de informes para presentación de las tesis (p.ej. informe antiplagio)*
- *Responsabilidades sobre prevención de riesgos, trámites legales, etc.*
- *Resolución de conflictos, casos de acoso por razón de género u otros, etc.*
- *Custodia de documentos, custodia de datos, cumplimiento de la ley de protección de datos*

Sería deseable que el grueso de estas tareas se asignase a personal administrativo (las unidades de posgrado de los ámbitos u otras secciones que se consideren adecuadas en cada caso).

También, en relación con la captación de alumnos extranjeros, y las actividades de movilidad, es imprescindible que el personal administrativo pueda comunicarse con fluidez en inglés, y que estas tareas no recaigan en el PDI, como está ocurriendo actualmente con mucha frecuencia.

Asimismo, en la implementación se debería hacer una reflexión en relación con otros apartados logísticos o materiales, como por ejemplo el hecho de que los miembros del tribunal deben ser ajenos a la UVigo pero las dotaciones económicas para este apartado son generalmente escasas."

A Comisión de Calidade informa favorablemente ao manual de calidade e os procedementos coa cautela de que este é un documento inicial que se pode ir corrixindo ata a aprobación final pola ACSUG.

4 Análise dos resultados da enquisa de profesorado feita en 2018

O Secretario Académico da EIDO presenta os resultados da enquisa de profesorado feita a todos os titores e directores de alumnos de programas do decreto 99/2011. Contestaron mais dun 52% dos 823 posibles directores/as e titores/as, concentrándose no primeiro día da enquisa e nos dous días en que se recordou a enquisa mediante mensaxe aos interesados. A satisfacción media foi dun 3,65 sobre 5, quedando por debaixo do 3 so a consulta do Apoio económico aos/ás doctorandos/as. A conclusión final é que o resultado é positivo.

A EIDO enviará a todos os coordinadores o resultado da enquisa para que a difundan entre o profesorado dos programas.

5 Rolda de intervencións

Non se produciron intervencións.

ACORDOS

- 1 Apróbase a acta anterior, ordinaria, do 13.04.2018.

- 2 Informe favorable do Sistema de Garantía de Calidade de Doutoramento: manual de calidade (índice 1) e procedementos (índice 0) (anexo I)
- 3 Enviárase a todos os coordinadores o resultado da enquisa de profesorado feita no 2018.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,



Marcos Arias Acuña



Visto e prace
O presidente



Antonio Pino García

ANEXOS

- 1 Sistema de Garantía de Calidade de Doutoramento: manual de calidade (índice 1) e procedementos (índice 0)
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-06/Manual%20de%20Calidade.pdf>
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-06/Procedementos%20Estratexicos.pdf>
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-06/Procedementos%20Clave.pdf>
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-06/Procedementos%20Soporte.pdf>

